

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tantas disposiciones con igual categoría ou inferior se oponan ó presente regulamento.

DISPOSICIONES DERRADEIRAS

Primeira.

Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para a adopción das disposiciones oportunas, para o desenvolvimento do preceptuado no presente decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dedica o capítulo IV do título IV ó acceso á función pública, establecendo nos seus preceptos os criterios xerais que se deben seguir no proceso de selección do persoal que prestará os seus servicios no ámbito da Administración autonómica de Galicia, que garanten o respecto ós principios constitucionais de igualdade, méritos e capacidade dos aspirantes así como o da publicidade das convocatorias.

Así mesmo o convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia regula no seu capítulo IV os procedementos de selección do devandito persoal, e garante dentro da especialidade dos postos que se van cubrir, o cumprimento dos mencionados principios constitucionais.

A efectividade e a concreción destes principios fai necesario o desenvolvimento dos preceptos contidos na Lei 4/1988, e no convenio, mediante o establecemento dun procedemento uniforme que articule o acceso ós distintos corpos e escalas de funcionarios, así como o do resto do persoal ó servicio da Xunta de Galicia.

Por outra banda a disposición derradeira primeira da Lei 4/1988 mencionada autoriza a Xunta de Galicia a dictar las normas de carácter regulamentario precisas para o desenvolvimento da lei.

Na súa virtude, óido o informe da Comisión de Personal e por proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública e trala deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de marzo de mil novecentos noventa e un,

DISPOÑO:

Artigo único.—Apróbase o regulamento de selección do persoal ó servicio da Administración autonómica de Galicia, en desenvolvimento e execución da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia do que se insire a continuación o seu texto.

REGULAMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CAPÍTULO I Ámbito de aplicación

Artigo 1.º

1.—O presente regulamento aplicarase nos procedementos de ingreso que se realicen respecto do persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

2.—O presente regulamento non será de aplicación para os sistemas de promoción interna, que se regularán polas súas normas específicas.

3.—Os procedementos de selección e acceso do persoal á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia rexeranse polas bases da convocatoria respectiva, que se axustarán en todo caso ó disposto neste regulamento e ás leis que resulten aplicables.

CAPÍTULO II Sistemas de selección

Artigo 2.º

1.—O acceso ós corpos ou escalas de funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia será a través do sistema de oposición, salvo cando, pola natureza das funcións que se van desempeñar, sexa máis axeitada a utilización do sistema de concurso oposición e, excepcionalmente, o de concurso.

2.—A solicitude para participar nos procedementos de ingreso formularase no modelo oficial e deberá presentarse no prazo de vinte días naturais a partir do seguinte ó da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3.º

1.—Tódolos sistemas de selección faranse logo de convocatoria pública e garantíranse, en todo caso, os principios de igualdade, méritos e capacidade, así como o de publicidade.

2.—A oposición consiste na celebración de probas teóricas e prácticas, se é o caso, esixidas en convocatoria pública, axeitadas ó exercicio da función, que sirvan para fixa-la selección e a súa orde de prelación, así como, se é o caso, a superación dos cursos selectivos de formación; o concurso consiste exclusivamente na calificación dos méritos dos aspirantes e a prelación na súa selección; o concurso oposición consiste na sucesiva celebración como parte do procedemento de selección dos dous sistemas anteriores.

Artigo 4.º

1.—As probas de selección deberán realizarse de modo que se poñan de manifesto as condicións de coñecemento e aptitude dos aspirantes e todas aquelas específicas que requiran a ocupación de determinados postos de traballo, incluiráse un exercicio específico de coñecemento da lingua galega. Así mesmo, se as características das probas o requieren, as escritas leranse ante o tribunal que estará facultado para interroga-los aspirantes sobre as aclaracións que estimen pertinentes respecto dos temas desenvolvidos.

2.—Para os efectos sinalados no apartado anterior, cando desempeñar un posto de traballo esixa un determinado nivel de coñecemento da lingua galega e este coñecemento non se acredita no proceso de selección, os aspirantes, unha vez que alcanzaren a condición de funcionarios de carreira, participarán nos cursos de formación que para o efecto se convoquen co fin de alcanzalo grao de coñecemento adecuado á natureza do posto e funcións que se van desempeñar.

3.—Os programas das probas de selección deberán ter un contido en extensión e temática que garantan no maior grao posible, unha vez superadas, unha aptitude suficiente nos aspirantes para realiza-las tarefas do posto que deban desempeñar.

4.—Os cursos selectivos de formación realizaránse na Escola Galega de Administración Pública e versarán sobre materias necesarias para o desempeño dos postos convocados; non tratarán de materias propias da titulación requerida para o ingreso, salvo afondamento nelas e servirán, coa puntuación da oposición, para a prelación dos aspirantes. A dita escola calificará a aptitude ou non dos aspirantes, expedindo, así mesmo, certificación da nota obtida por cada un deles.

CAPÍTULO III Procedemento

Artigo 5.º

O Consello da Xunta aprobará, por proposta do conselleiro competente en materia de función pública, a oferta de emprego público, e se é o caso, ata un 10% adicional, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* dentro do trimestre seguinte ó da aprobación da lei de presupostos de cada ano.

A dita oferta constituirase de acordo co previsto no artigo 29.2 e 4 da Lei 4/1988. Antes de que transcorra un mes desde a súa publicación, o conselleiro competente en materia de función pública, convocará as probas selectivas de acceso para as ditas vacantes, sen prexuízo do disposto no artigo 15.8 da Lei 4/1988.

A preparación, deseño e seguimento dos plans de oferta de emprego público serán obxecto de negociación coas organizacións sindicais presentes na mesa xeral de negociación da Comunidade Autónoma.

Artigo 6.º

1.—As convocatorias, xuntamente coas súas bases, publicaranse no DOG, de acordo coa oferta de emprego público e dentro do trimestre seguinte ó da aprobación da lei de presupostos. As ditas convocatorias poderán ter carácter unitario con motivo da racionalización de corpos ou escasas.

2.—As bases da convocatoria vinculan a Administración ós tribunais que xulgarán as probas selectivas e ós que tomen parte nelas, e unha vez publicadas, só poderán ser modificadas con estricta suxección á Lei de procedemento administrativo.

3.—As convocatorias e as súas bases deberán, en todo caso, como mínimo conte-los seguintes datos:

a) Número e características das prazas convocadas.

b) Declaración expresa de que os tribunais ou órganos de selección non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas convocadas, coa advertencia, en caso contrario, da nulidade de pleno derecho.

c) Centro ou dependencia ó que deben dirixirse as instancias.

d) Condicóns ou requisitos que deben reunir ou cumplir os aspirantes.

e) Probas selectivas que teñan que celebrarse e, se é o caso, relación de méritos que deben ser tidos en conta na selección, determinando, se procede, os cursos selectivos de formación e período de prácticas; así como a súa duración e características.

f) Composición do tribunal ou órgano de selección e a súa categoría. Os cursos selectivos de formación, se proceden, estarán a cargo da Escola Galega da Administración Pública.

g) Sistema de calificación e puntuación mínima de cada proba, así como o grao mínimo de coñecemento da lingua galega adecuado á natureza e funcións dos postos correspondentes ás prazas convocadas.

h) Programa sobre o que versarán as probas ou indicación do DOG no que forán publicados con anterioridade.

i) Calendario concreto de realización das probas. Desde o remate dunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

j) Orde de actuación dos aspirantes segundo os resultados do sorteo previamente celebrado.

k) Determinación, se é o caso, das características e duración do período de prácticas ou curso selectivo.

l) Nas convocatorias teranse en conta as condicións especiais de ingreso dos minusválidos na función pública.

Artigo 7.º

1.—En cada orde de convocatoria nomearase, se é o caso, o tribunal ou órgano de selección a quen corresponda o desenvolvimento e a calificación das probas selectivas. O tribunal estará constituído por un número impar de membros, nunca inferior a cinco, un dos cales será designado polas organizacións sindicais presentes na mesa sectorial respectiva, e designarase o mesmo número de suplentes.

No suposto de que as organizacións sindicais, non designen os seus representantes no prazo establecido para o efecto; estes serán designados pola Administración.

2.—Os tribunais que xulguen as probas selectivas non poderán estar compostos maioritariamente por funcionarios dos corpos ou escalas de que se trate. Ningún membro terá titulación inferior á esixida para ser admitido ás probas.

3.—Un dos membros do tribunal será proposto pola Escola Galega de Administración Pública, a cal prestará toda a colaboración necesaria para realiza-las probas de selección. Cando así o prevexan as bases da convocatoria, os tribunais poderán incorporar asesores especialistas para as probas nas que fosen necesarios; os ditos asesores terán voz pero non voto e a súa intervención limitarase ó exercicio da súa especialidade técnica, en relación coa cal colaborarán co órgano de selección.

Artigo 8.º

Poderán efectuarse convocatorias extraordinarias fóra do prazo establecido no artigo 6.º do presente reglamento para vacantes anunciadas na oferta de emprego público do ejercicio correspondente cando, iniciado un proceso selectivo, se prevé que van resultar vacantes algúns das prazas convocadas.

Artigo 9.º

Con anterioridade á convocatoria dos procesos de selección que se deriven da oferta de emprego público e con validez para todas elas, a consellería competente en materia de función pública determinará, mediante un único sorteo público, celebrado logo de anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, a orde de actuación dos aspirantes en tódalas probas selectivas de ingreso que se celebren durante o ano. O resultado deste sorteo deberá recollerse en cada convocatoria.

Artigo 10.º

A convocatoria, as bases e cantos actos procedan dos tribunais ou órganos de selección correspondentes poderán ser impugnados polos interesados nos casos e formas previstos pola Lei de procedemento administrativo.

Artigo 11.º

1.—As solicitudes para participar nas probas de ingreso formularanse en documento normalizado e deberán presentarse no prazo de vinte días naturais a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria respectiva no DOG na forma que determinen os artigos 65 e 66 da Lei de procedemento administrativo.

2.—Para ser admitido e, se é o caso, tomar parte na práctica das probas selectivas, será suficiente con que os aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre a data de expiración do prazo sinalado para a presentación das instancias. Toda a documentación acreditativa das condicións esixidas presentarase despois de realizadas as probas e no momento establecido nas bases da convocatoria. As persoas diminuídas farán de acordo coa súa lexislación específica.

3.—O órgano convocante, en por si ou por proposta do tribunal ou órgano de selección, deberá dar conta ós órganos competentes das inexactitudes ou falsidades en que puidesen incorrer os solicitantes para os efectos procedentes.

Artigo 12.º

1.—Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, o órgano convocante ou aquel en quen delegue, dictará resolución no prazo máximo de un mes declarando os aspirantes admitidos e os excluídos co motivo da exclusión. A dita resolución publicarase no DOG e nos taboleiros de anuncios dos órganos convocantes e das súas delegacións con indicación do prazo para emendas de acordo co artigo 71 da L.P.A.; resoltas as ditas reclamacións publicaranse as listas definitivas na mesma forma ca no caso anterior. Na resolución pola que se publiquen as listas definitivas sinalarase o lugar e a data do comezo do primeiro exercicio e fixarase a orde de actuación dos aspirantes.

2.—Cando o procedemento selectivo o permita, non será preceptiva a exposición ó público das listas de aspirantes admitidos, e deberá especificarse así na correspondente convocatoria. Neses casos, a resolución, que se ten que publicar no DOG deberá recollerlo lugar e a data de comezo dos exercicios, así como a relación dos aspirantes excluídos con indicación das causas e do prazo de emenda de defectos.

3.—A publicación da resolución a que se refire no parágrafo 1.º. No DOG marcará o comezo do prazo para interpoñer os recursos procedentes ás posibles impugnacións.

Artigo 13.º

1.—Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte deles cando concorran as circunstancias previstas no artigo 20 da Lei de procedemento administrativo, e notifíquenlle ó órgano convocante. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 21 da mencionada lei.

2.—Unha vez comezadas as probas selectivas non será obrigatoria a publicación da celebración das sucesivas probas selectivas no DOG, se non que abondará coa súa exposición nos locais onde se celebren as probas, con 12 horas polo menos de antelación respecto do comezo delas, se se trata do mesmo exercicio, ou de 24 se se trata dun novo exercicio.

Artigo 14.º

1.—Unha vez terminada a calificación dos aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados, que non poderán superar o número de prazas convocadas, e elevaránlle a dita relación ó órgano competente para que elabore a proposta de nomeamento pertinente; calquera proposta de aprobados que contravenía a anteriormente establecida será nula de pleno derecho.

2.—As resolucións dos tribunais vinculan a Administración, sen prexuízo de que esta poida proceder á súa revisión de acordo co artigo 109 e seguintes da Lei de procedemento administrativo, en tal caso, terán que se levar a cabo, de novo as probas ou trámites afectados pola irregularidade.

Artigo 15.º

1.—Os aspirantes propostos remitiranlle á Administración, dentro do prazo de vinte días naturais, a partir da publicación da lista de aprobados, os documentos acreditativos esixidos na convocatoria.

2.—Quen dentro do prazo indicado, e salvo casos de forza maior, non presente a súa documentación, non poderá ser nomeado e anularanse tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade.

3.—Quién tivese a condición de funcionario público estará exento de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados, e deberá presentar, nese sentido, un certificado do organismo onde preste os servicios.

Artigo 16.º

1.—Cando a convocatoria establecese un período de prácticas ou un curso selectivo, a autoridade que efectúase a convocatoria nomeará funcionarios en prácticas os aspirantes propostos. O nomeamento destes, como funcionarios de carreira, únicamente poderá efectuarse unha vez superados con aproveitamento, ben o período de prácticas, ben o curso selectivo, de acordo co establecido nas correspondentes convocatorias.

Os aspirantes que non superen o período de prácticas, de acordo co procedemento de calificación previsto na convocatoria, perderán tódolos seus dereitos para o nomeamento como funcionarios de carreira, por resolución motivada da autoridade que efectuase a convocatoria por proposta do secretario xeral técnico da consellería en que realicen o dito período e logo de informe favorable da comisión de persoal.

Os aspirantes que non superasen o curso selectivo, poderán incorporarse ó inmediatamente posterior, coa puntuación asignada ó último dos participantes nel. De non superarlo perderán tódolos seus dereitos para seren nomeados funcionarios de carreira.

2.—Os que, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, se atopen en período de prácticas ou desenvolvendo cursos selectivos dos previstos no apartado 1º do presente artigo serán nomeados funcionarios en prácticas e percibirán unha retribución equivalente ó soldo e pagas extraordinarias correspondentes ó grupo no que estea clasificado o corpo ou escala ó que aspiren ingresar.

Sen embargo, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior incrementarase nas retribucións complementarias correspondientes ó dito posto.

O tempo en que permanezan en período de prácticas, seralles computado para tódolos efectos, sempre e cando superen o dito período de prácticas.

3.—Os funcionarios en prácticas que xa están prestando servizios remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou como interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que, de acordo coa normativa vixente, lles corresponda, rexeranse polas seguintes normas:

A) Durante o período de prácticas non poderán percibir ningunha remuneración polo posto de traballo de orixe.

B) Para os efectos retributivos que regula o presente regulamento deberán optar entre:

a) Percibir unha remuneración por igual importe da que lles correspondería no posto de traballo de orixe, ou

b) A que proceda conforme as normas sinaladas no apartado 2 anterior.

4.—Os funcionarios en prácticas que sexan nomeados funcionarios de carreira, ó superaren o período de prácticas ou o curso selectivo, continuaran percibindo no prazo positorio as mesmas retribucións que lles foron acreditadas durante o tempo de realización das prácticas ou do curso selectivo.

No suposto de existir persoal en expectativa de nomeamento, non terán dereito a percibir ningunha remuneración como funcionarios en prácticas.

Artigo 17.º

Concluído o proceso selectivo e finalizado, se é o caso, o período de prácticas ou o curso selectivo os que o superasen serán nomeados funcionarios de carreira ata o límite das prazas anunciadas e que estean dotadas presupostariamente. Os nomeamentos deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Aqueloutros que, superados todos os requisitos do proceso selectivo, non poidan ser nomeados funcionarios de carreira por falta de vacante presupostaria quedará en situación de expectativa de nomeamento e serán nomeados funcionarios de carreira con ocasión de vacante.

Mentres permanezan na situación de expectativa de nomeamento, que non será computable por ningun efecto, non terán dereito a percibir remuneración ningunha.

Non poderá procederse ó nomeamento de funcionarios de carreira dun corpo ou escala mentres haxa aspirantes en expectativas de nomeamento procedentes da convocatoria anterior.

Os aspirantes en expectativa de nomeamento terán preferencia para a prestación de servicios de carácter temporal, ata tanto reciban o nomeamento de funcionarios de carreira.

Artigo 18.º

As convocatorias, as bases e cants actos administrativos sexan producidos polos tribunais, con motivo dos procedementos de acceso á condición de funcionario, poderán ser impugnados polos interesados de acordo co establecido na Lei de procedemento administrativo e na Lei da xurisdicción contencioso administrativa.

CAPÍTULO IV

Selección de persoal interino

Artigo 19.º

O persoal interino será nomeado polo conselleiro competente en materia de función pública ou, se é o caso, polo da Consellería á que figuren adscritos os corpos ou escalas, de acordo cos procedementos de selección que sexan determinados polo órgano competente para o nomeamento de tal persoal, logo de informe da comisión de persoal.

A selección deste persoal efectuarase observando os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Os ditos procedementos deberán possibilita-la máxima axilidade na selección, en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo mentres que se destinan a eles funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos deberán reunir en todo caso os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participaren nas probas de acceso ós correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira.

CAPÍTULO V

Selección de persoal laboral

Artigo 20.º Normas xerais.

1.—As consellerías convocarán os procesos selectivos para o acceso ás prazas vacantes adscritas a estas que deban cubrirse con persoal laboral fixo de novo ingreso e ata un 10% adicional, de acordo co previsto na oferta de emprego público e de conformidade co regulado no convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

2.—Os sistemas de promoción interna ou de cobertura de vacantes do persoal laboral que non sexa de novo ingreso rexeranse polo regulado no oportuno convenio colectivo da Xunta de Galicia.

Artigo 21.º

As correspondentes convocatorias deberán someterse ó previsto no título I do presente regulamento e ós criterios xerais de selección que sexan fixados polo conselleiro competente en materia de función pública. No *Diario Oficial de Galicia* anunciaranse polo menos o número de prazas por categorías e o lugar en que figuran expostas as bases das convocatorias.

Artigo 22.º

Os sistemas normais de selección serán os de concurso ou concurso oposición libre.

Serán convocadas mediante concurso oposición as vacantes do sector técnico.

O persoal non cualificado seleccionarase mediante concurso oposición, que incluirá as probas adecuadas ó posto de traballo.

No sistema de concurso deberan ter en conta os méritos que se recollan no correspondente baremo do convenio colectivo da Xunta de Galicia.

O sistema de concurso oposición deberá utilizarse cuando sexa precisa a celebración de probas de coñecemento específicas para determinar a capacidade ou aptitude dos aspirantes. As ditas probas deberán adecuarse, necesariamente, ós postos de traballo que deban ser cubertos e deberán predominar-las de carácter práctico.

Artigo 23.º Solicitudes.

Os aspirantes deberán presentar as súas solicitudes nos prazos previstos nas correspondentes convocatorias, xuntando a documentación xustificativa dos méritos puntables e demais documentación esixida.

No prazo máximo de un mes a partir da data de terminación do prazo previsto para a presentación de instancias, publicarase no DOG a data, lugar e hora de realización das probas, indicándose neste anuncio o lugar onde se encuentren expostas as listas de admitidos e excluídos, así como o prazo de reclamación contra as referidas listas.

Artigo 24.º

Os órganos de selección deberán estar formados por un número de 5 membros, dous dos cales serán designados polos representantes dos traballadores.

Artigo 25.º

Concluídas as probas, elevaráselle ó órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que non poderán, en ningún caso, exceder do número de prazas convocadas.

Artigo 26.º

O órgano competente procederá á formalización dos contratos. Mientras non se formalicen os contratos, os aspirantes non terán dereito a ningunha percepción económica. Con carácter previo á formalización dos contratos, deberán xustificarse adecuadamente os requisitos ou condicións esixidos na convocatoria.

Trascorrido o período de proba que se determine en cada convocatoria, o persoal que o supere satisfactoriamente adquirirá a condición de persoal laboral fixo.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se oponan ó establecido neste decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS**Primeira.**

Facúltase o conselleiro da Presidencia e Administración Pública para a adopción das disposicións oportunas, para o desenvolvemento do preceptuado no presente decreto.

Segunda.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de marzo de mil novecentos noventa e un.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública